

Guía orientadora

Concha Blanco

Feminino singular, en plural



B

BAÍA EDICIONS

LAURA ROMERO

Guía orientadora para a lectura do libro

Feminino singular, en plural

Autora: Concha Blanco. Ilustracións de Laura Romero. Editorial: Baía Edicións.



Introdución de Concha Blanco

Dirixo esta guía orientadora ao persoal docente preferentemente, por facer de ponte entre o libro e o alumnado. O profesorado sabe transmitir o amor pola lectura cando fallan outros contornos sociais.

Recomendo ler a **Introdución** que aparece no libro para así entender a intención da autora ante os poemas que o alumnado vai encontrar.

O profesorado pode contarlles que á autora, Concha Blanco, cando tiña a idade deles [gustáballes moito ler, pero, sobre todo, historias con mulleres de protagonistas, por iso tamén procuraba biografías femininas. Tíñao moi difícil, porque non se publicaban, tan só algo sobre raíñas ou

santas. Lembra con especial agarimo a vida de santa Casilda que aparecía nun libro que levaba á escola.

Procurade buscar co alumnado a vida desta santa: *unha moza, Casilda, filla dun rei mouro residente en España, que tiña prisioneiros os cristiáns, a quen ela, ás agachadas, sen que seu pai a vise, lles levaba alimentos ocultos no mandil. O pai desconfiaba e foi ao seu encontro no camiño:*

—*Que levas aí?* —preguntoulle.

—*Levo rosas* —respondeulle tranquilamente—. *Abriulle o mandil e había rosas. Cando seu pai se afastou, as rosas volveron converterse en saborosos manxares que levou aos pobres cristiáns.*

Isto pode servir como motivación para que lean os “poemas biográficos” como eu lles dei en chamar.

Obxectivos a seguir coas posibles actividades

- Ler poesía coa entoación axeitada, actitude crítica e ampliación do léxico.
- Utilizar algún poema de Rosalía de Castro como modelo para a propia creación do alumnado. (Ver ‘Outras propostas posibles’ ao final da Guía)
- Empregar a linguaxe oral para opinar, de forma individual e en grupo (mesas redondas e debates ao seu nivel) sobre a Igualdade de xénero.

Contidos das actividades

Conceptos

- A poesía.
- A igualdade de xénero.

Procedementos

- Lectura dos poemas.
- Investigación sobre outras mulleres. (Na Introducción desta Guía danse varios nomes)
- Valoración dos diálogos entre Sabela e Roi.
- Elaboración doutros poemas seguindo estratexias de obradoiros.
- Charlas (mesas redondas/debates...) sobre os temas de algún dos poemas.

Actitudes

- Respecto polas opinións das compañeiras e compañeiros da clase.
- Sensibilidade e empatía coas protagonistas dos poemas.
- Valoración da igualdade entre mulleres e homes (talvez mellor: entre nenas e nenos).

Orientacións metodolóxicas

- O profesorado motivará o alumnado facendo preguntas sobre como cadaquén, interpreta o título da obra, *Feminino singular, en plural*, creando así certa expectativa.
- A seguir pode introducilos no concepto de *polisemia* coa palabra *singular* como referencia.
- A lectura e a creación de poemas (escritura) serán bos modelos de aprendizaxe.

Recursos didácticos

- O libro *Feminino singular, en plural*.
- Outros libros de poesía (*Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, *Macedonia de versos/ Oficios e profesións poemas son / Poemas para pintar / Luces, bicos e cores* (os catro de Concha Blanco), ou outros axeitados para esas idades.
- Encontros con autoras e autores, actividade doada de conseguir en Galicia.
- Encerado.
- Ordenador, tanto para as clases presenciais ou, se fose necesario, en liña.

Temas transversais

- A igualdade de xénero.
(O feminismo nos poemas de Emilia Pardo Bazán e de Olimpia Valencia, páxinas 44 e 48).
- A valoración da paz e o rexeitamento da guerra.
(No poema de Sofía Casanova, pág 32).
- O respecto ás diferentes ideoloxías.
(Nos poemas d'As dúas Marías e de Olimpia Valencia, páxinas 40 e 48).

- A importancia do diálogo.
(Nas conversas e reflexións entre Sabela e Roi).
- A expresión artística como privilexio.
(No poema de Xulia Minguillón, páxina 12).
- A problemática da emigración.
(No poema “Viúvas de vivos”, páxina 52).
- A importancia da formación, da loita e do esforzo para conseguir uns ideais.
(No poema de Concepción Arenal, páxina 24).
- A valoración da lingua galega.
(Nos poemas de Rosalía de Castro e M.^a Xosé Queizán, páxinas 8 e 36).
- Respecto polas diferentes inclinacións sexuais.
(No poema de Elisa e Marcela, páxina 20).
- A xustiza.
(No poema de Maricastaña, páxina 28).
- A solidariedade.
(Nos poemas de Sofía Casanova, “As dúas Marías” e Concepción Arenal, páxinas 32, 40 e 24).
- Valoración do patrimonio físico (monumentos) e inmaterial (ditos, expresións...).
- (Nos poemas de Exeria e Maricastaña, páxinas 16 e 28).
- Respecto polo traballo en equipo.
(Nos poemas d’As dúas Marías, “Viúvas de vivos” e Concepción Arenal, páxinas 40, 52 e 24).

Atención á diversidade

- O profesorado terá en conta as diferenzas do seu alumnado e, polo tanto, o nivel de esixencia variará en función das mesmas.
- Pódese botar man de actividades de reforzo, exercitación ou ampliación cando proceda e segundo o momento.
- En calquera caso o máis importante é fomentar no alumnado o hábito do gusto pola lectura.



Modelos para outras propostas de actividades posibles

1. Invitamos ao alumnado a facer, neste caso individualmente, un poema de 9 versos repartidos en 3 estrofas, dándolles só a palabra final que teñen que manter. Así:

..... pasa
 corren
 casa.

..... abrigo
 quedo
 amigo.

..... contemplando
 casiñas
 suspirando.

Sacáronse estas palabras dun poema de Rosalía de Castro que aparece en *Cantares Gallegos*. Este:

*Corre o vento, o río **pasa** / corren nubes, nubes **corren** / camiño da niña **casa**.*

*Miña casa, meu **abrigo** / vanse todos, eu me **quedo** / sen compañía nin **amigo**.*

*Eu me quedo **contemplando** / as laradas das **casiñas** / por quen vivo **suspirando**.*

Unha vez recollidos todos os traballos, podemos expoñelos no taboleiro con este poema modelo de Rosalía de Castro e así sorprendernos ante tanta variedade.

2. É interesante que se lle faga una **pequena enquisa**, anónima, antes de ler o libro (acompañando un modelo, pero pode ser outro calquera adaptado ao grupo) coa intención de ver como pensa o alumnado e logo de ler o libro e telo traballado, volver repetir a mesma enquisa para valorar se houbo algún tipo de cambio nas actitudes arredor da igualdade de xénero:

- a) Es Neno (O) ou Nena (A)?

| | |
|------|------|
| Nena | Neno |
|------|------|

- b) Quen debe de mandar na túa casa? (Podes poñer máis de unha letra):

| | | | |
|------|------|----|--------|
| Mamá | Papá | Eu | Outros |
|------|------|----|--------|

- c) Estas tarefas son propias de Mamá (M), Papá (P), Miñas (E). Podes poñer máis de unha letra):

| | | |
|----------|---------------|---------------------|
| Cociña | Pasar o ferro | Reparar o televisor |
| Conducir | Ir á oficina | Limpar o po |

- d) A quen lles recomendarías estes libros?: Nena (A), Neno (O), Nenas e Nenos (A/O).

| | | |
|---------------|--------------------------|-------------------|
| De teatro | De mariños | De investigadores |
| De bolboretas | De animais da selva | De ecoloxía |
| De poesía | De príncipes e princesas | |

- e) Estas actividades son propias de Nenas (A) Nenos (O) Nenas e Nenas (A/O):

| | | | | |
|--------|--------|---------|--------|------------|
| Ballet | Fútbol | Pintura | Xadrez | Equitación |
|--------|--------|---------|--------|------------|

- f) Elixo estas profesións como propias de Homes (H), Mulleres (M), Mulleres e Homes (M/H):

| | | | |
|-------------|------------|--------------|--------|
| Veterinaria | Enfermaría | Medicina | Cociña |
| Baile | Náutica | Electricista | Piloto |

3. Encontro literario coa autora

Se non fose posible o encontro físico de Concha Blanco co alumnado na aula, poderíase facer unha entrevista en liña ou ben enviándolle unha carta con preguntas para que ela, se acepta, as responda e logo poden publicala na revista da aula ou do colexio.

4. Actividade interdisciplinaria

O profesorado propoñerlle a busca por Internet ou nunha publicación da obra pictórica de Xulia Minguillón e que observe o seu cadro realista *A escola de Doloriñas*. A seguir propoñerlle debuxar o mesmo cadro, pero dándolle un estilo surrealista.

5. O profesorado propondrá a cadaquén **recoller algún dito/expresión**, refrán ou copla popular referidos a mulleres. A seguir farán, en equipo, unha posta en común co material conseguido.

(Se algo do exposto é discriminatorio ou ofensivo o profesorado fará os comentarios pertinentes, nos que tamén pode participar o propio alumnado).

